

## Informe da Directora Xunta de Escola, 16 de marzo de 2022

### 1 Actividades de representación

- 28 de xaneiro. Asistencia da directora aos actos de celebración de Santo Tomás. No acto recibiron os seguintes premios persoas egresadas do centro:
  - Premio Extraordinario de Grao: Xavier Simón Montero (Grao en EE) e Diego Sánchez (Grao en ERME)
  - Premio Extraordinario de Doutoramento: Raquel Pérez-Orozco (pola tese dirixida polos profesores David Patiño e Jacobo Porteiro: “*Contributions to the reduction of particulate matter emissions in biomass combustion processes*”)
- 16 febreiro. Asistencia da directora en representación do centro aos actos da Olimpíada en Xeoloxía.
- O 7 de marzo Generosa Fernández asistiu en calidade de Enlace de Igualdade do centro aos actos de celebración do 8M organizados pola Universidade de Vigo.
- 9 e 11 de marzo. Asistencia da directora en representación do centro aos actos do Foro Tecnolóxico de Emprego.
- 15 de marzo. Asistencia da directora ao acto de defensa de traballos STEMBach do bienio 2020-2022 no IES María Soliño, dirixidos por David Patiño e Raquel Pérez. No tribunal participou o profesor Pablo Eguía.

### 2 Reunións de traballo

- 21 de decembro. Asistencia da Directora á sesión convocada polo INEGA sobre economía circular no sector na minaría, no que participou presentando a conferencia “A economía circular e o sector mineiro”.
- 22 e 23 de decembro, 19 de xaneiro, 9 de febreiro, 2 de marzo. Asistencia da directora ás reunións convocadas pola “*Real Academia de Ingeniería*” (RAI) e CODEIME, para a elaboración do documento sobre a profesión na enxeñaría de minas, enerxía e materiais, no marco do convenio de colaboración CODEIME-RAI.
- 20 de xaneiro, 2 de febreiro, 3 de marzo, 10 de marzo. Asistencia de María Araújo e da directora, en representación da UVIGO, á comisión de elaboración da proposta do “Máster en xestión sostible e avanzada da auga”, coas persoas representantes da USC e UDC.
- Reunións quincenais da directora co Vicerreitor de Planificación e Sostibilidade e persoal do SPRL como responsable COVID do centro.
- 24 de xaneiro. Reunión da directora coa representante da AEECT (“*Asociación Española de Enseñanzas de Ciencias de la Tierra*”) para a organización da Olimpíada de Xeoloxía.
- 25 xaneiro. Impartición da directora da sesión informativa e de benvida ao profesorado que imparte docencia por primeira vez no centro no segundo cuadrimestre.
- 25 xaneiro. Asistencia da directora á reunión convocada pola plataforma “*Minería Sostible*”, como membro da “*Comisión de Innovación e Sostibilidade*”.
- 26 de xaneiro. Asistencia de María Araújo e a directora á sesión de presentación do programa COLMEA DE IDEAS.

- 22 de febreiro. Asistencia de Guillermo García á reunión da Comisión de Calidade da Universidade en representación do centro.

A directora agradece a participación das persoas implicadas no desenvolvemento destas actividades.

## 3 Mobilidade

En febreiro publicáronse as listas provisionais de admitidos nos programas de mobilidade: ISEP (1 candidato), ERASMUS+ (4 candidatos) e SICUE (4 candidatos).

Febreiro 2022: Proxecto KA107. Pedíuse coa universidade un proxecto que trata de ampliar a colaboración actual (coa Universidade Federico Santa María e a Universidade Católica do Norte do Chile) e incluíuse neste proxecto á “*Escuela Superior Politécnica de Chimborazo*” (ESPOCH), sede Morona Santiago de Ecuador.

Agradécese a Iago Pozo a labor de información e coordinación da mobilidade do centro.

## 4 Igualdade

### 4.1 Día da Nena na Ciencia

O día 11 de febreiro, a Escola participou por segunda vez nas actividades organizadas pola Unidade de Cultura Científica e a Unidade de Igualdade para conmemorar o “*Día internacional da Muller e da Nena na Ciencia*”. Realizáronse as seguintes actividades en modalidade non presencial:

- “*Física y Astrofísica para explicar el Universo*” (Ana Ulla e Rita Landeiro)
- “*The Wall*” (María Araújo e Santiago Pozo)
- “*The She-ience Games: Catching Fire*” (Ana Larrañaga e Raquel Pérez-Orozco)
- “Os Minerais, testemuños da historia, dende Altamira ata a arte urbana” (Teresa Rivas)
- “A Febre dos Materiais” (Xurxo Rigueira e María Pazo).

Tamén participaron como persoal de apoio Carmen Filgueira e Alejandro Peña.

Agradécese ás persoas participantes no desenvolvemento das actividades e a Generosa Fernández a coordinación das mesmas.

### 4.2 Celebración Día Internacional da Muller 8M

#### 4.2.1 Concurso Mulle\_RME 2022

Realizáronse actividades de divulgación da cuarta edición do concurso fotográfico Mulle\_Rme 2022 que pretende visibilizar a actividade das mulleres en actividades relacionadas coa explotación dos recursos. Está previsto realizar a entrega de premios o próximo día 17 de marzo, ás 14:00 horas no vestíbulo da Escola.

#### 4.2.2 Cine Fórum (in)VISIBILIDADE das MULLERES STEAM NA CINEMATOGRAFÍA

Presentouse unha solicitude de axuda para a organización dun Cine Fórum titulado Cine Fórum – (in)VISIBILIDADE das MULLERES STEAM NA CINEMATOGRAFÍA, no eido da convocatoria 2022 de axudas para a organización de actividades docentes que promovan a perspectiva de xénero, pola Universidade de Vigo. Trátase da emisión de 4 películas relacionadas con mulleres no ámbito da enxeñaría e na organización dos seus correspondentes cinefórum conducidos por un experto en cinematografía e perspectiva de xénero. Concedeuse unha axuda de 990 € dos 1600

solicitados. A actividade dará comezo o próximo 21 de abril, coa emisión da película “*En terra de homes*”, nas instalacións de zona Franca en Vigo e solicitouse recoñecemento de ECTS para o alumnado pola asistencia á actividade.

Agradécese a Generosa Fernández o labor de coordinación destas actividades e o apoio de Teresa Rivas.

## 5 Divulgación

### 5.1 Bolsa formación divulgación científica

Incorpórase Nuria Castro o 1 de marzo de 2022. Estará baixo a titorización de Iago Pozo.

### 5.2 Visitas á Escola a través do SIE

Fecha	Centro	Participantes da EME	Curso	Número asistentes
20/12/2022	IES Félix Muriel, de Rianxo (A Coruña)	Iago Pozo	2º bach	20
19/01/2022	IES DE RODEIRA	Iago Pozo	2º bach	20
15/02/2022	IES AS BARXAS (Moaña)	Iago Pozo	2º bach	16
21/02/2022	IES Pazo DA MERCÉ (As Neves)	Iago Pozo	2º bach	10
23/02/2022	IES Mendiño de Redondela	Iago Pozo	2º bach	20
09/03/2022	IES Castelao de Vigo	María Araújo	2º bach	24
11/03/2022	Colexio Sagrado Corazón	Elena Alonso	2º bach	23

### 5.3 Conferencias nos IES

Data	Centro	Conferenciante	Curso	Nº alumnado
14/12/2021	IES Teis (Vigo)	Xurxo Rigueira	4º ESO	20
15/12/2021	IES Río Miño, Rábade (Lugo)	Elena Alonso, Carmen Filgueira, Alejandro Peña e Xurxo Rigueira	1º ESO, 1º bach e 2º bach	69
16/12/2021	IES SÁNCHEZ CANTÓN (Pontevedra)	Benito Vázquez	1º bach	87
17/12/2021	IES PRIMEIRO DE MARZO (Baiona)	Benito Vázquez	2º bach	32
20/12/2021	IES Teis (Vigo)	Teresa Rivas	4º ESO e 1º bach	18
21/12/2021	IES de Poio	Benito Vázquez	1º e 2º bach	31
12/01/2022	CPI Guntín	Teresa Rivas (2 charlas)	1º ESO	30
12/01/2022	IES República Oriental del Uruguay	Iago Pozo	2º bach	60
13/01/2022	IES Politécnico	Carlos Collazo	1º e 2º bach	41
14/01/2022	IES A Pinguela en Morforte de Lemos	Xurxo Rigueira	2º bach	16

14/01/2022	IES Lagoa de Antela, Xinzo de Limia	Iván Garrido	1º bach	70
17/01/2022	IES San Paio (Tui)	Teresa Rivas	2º bach	10
20/01/2022	IES Politécnico	Elena Alonso	1º e 2º bach	41
20/01/2022	IES Floriani	Raquel Pérez	4º ESO e 1º bach	100
20/01/2022	IES Universidade Laboral	Benito Vázquez	3º e 4º ESO	60
21/01/2022	IES San Paio (Tui)	Teresa Rivas	1º e 2º bach	15
27/01/2022	IES ANTÓN LOSADA	Benito Vázquez	2º bach	13
28/01/2022	IES A Pinguela en Morforte de Lemos	Benito Vázquez	1º bach	25
09/02/2022	IES Johan Carballeira, en Bueu	Benito Vázquez	2º bach	15
09/02/2022	IES Rosalía de Castro en Santiago de Compostela	Benito Vázquez	1º e 2º bach	30
21/02/2022	IES Carlos Casares - Vigo	Carlos Collazo	1º e 2º bach	42
22/02/2022	Compañía de María (Vigo)	María Araújo	2º bach	15
03/03/2022	IES Ribeira do Louro	Benito Vázquez	2º bach	30
3/03/2022	IES Val do Tea	Benito Vázquez	2º bach	30
3/03/2022	CPR Malvedo	Enrique Alonso	4º ESO, 1º e 2º bach	39
15/03/2022	IES Xelmírez I en Santiago de Compostela.	Elena Alonso	3º ESO	40
16/03/2022	IES ANTÓN ALONSO RÍOS (Tomiño)	Benito Vázquez	1º e 2º bach	30
16/03/2022	IES PRURILINGÜE PINTOR COLMEIRO	Benito Vázquez	2º bach	17

## 5.4 Aula Aberta TecnoCiencia

Fecha	Centro	Participantes de la EME	Curso	Número asistentes
20/12/2021	Colexio Juan Sebastián Elcano	Elena Alonso, María Pazo e Francisco Deive	3º e 4º ESO	20
20/12/2021	IES Félix Muriel, de Rianxo (A Coruña).	Iago Pozo, María Pazo e Raquel Pérez	1º e 2º bach	50
21/01/2022	IES de Brión	Elena Alonso, Benito Vázquez e Daniel Lamas	1º bach	27
24/02/2022	IES de Soutomaíor	Iago Pozo, Iván Garrido, Manuel Alejandro González, Raquel Pérez, Benito Vázquez, Carmen Filgueira e Alejandro Peña	1º bach	40
25/02/2022	IES Illa de Tambo - Marín	Iago Pozo, Xurxo Rigueira	1º bach	42
09/03/2022	Compañía de María	María Araújo, Daniel Lamas	2º bach	15

11/03/2022	Colegio Salesianos Vigo	Elena Alonso, Raquel Pérez, Xurxo Rigueira, María Pazo, Iván Garrido, Daniel Lamas, Pablo del Río, Nuria Castro e Carmen Filgueira	2º bach	60
------------	-------------------------	--	---------	----

## 5.5 Xornadas de Portas Abertas

Fecha	Centro	Participantes de la EME	Curso	Número asistentes
16/12/2021	IES Carlos Casares	Iago Pozo, David Patiño, María Pazo, Daniel Lamas	1º bach	8
24/02/2022	IES de Soutomaíor	Iago Pozo, Manuel Alejandro González, Iván Garrido, Carmen Filgueira e Alejandro Peña	1º bach	40

## 5.6 Xornadas de Portas Abertas organizadas polo CINTEX

14 de febreiro. Colegio Miraflores (Vigo): 4º ESO e 2º bach. 30 estudantes. Nesta xornada participaron:

- Iago Pozo e María Pazo (Conservación do *Street art* e novos materiais)
- Raquel Pérez (Combustión: *the Science games*)
- Jesús Rico (Intelixencia artificial: érase unha vez o mundo de datos).

## 5.7 Obradoiro de Mineráis

Fecha	Centro	Participantes de la EME	Sesións	Curso	Número asistentes
14/01/2022	CPI Vedra	Teresa Rivas e Marta Caride	4	1º ESO	52
18/01/2022	IES Politécnico (Vigo) (na EME)	Bienvenido Diez e Iago Pozo	1	4º ESO e 2º bach	26
25/02/2022	IES Illa de Tambo-Marín (na EME)	Iago Pozo	2	1º bach	42
03/03/2022	IES Val do Asma (Chantada)	Bienvenido Diez e Elena Alonso	1	1º e 2º bach	12
15/03/2022	Colexio Santiago Apóstol (Pontearreas)	Iago Pozo e Carmen Filgueira	1	4º ESO	17
16/03/2022	Colexio Santiago Apóstol (Pontearreas)	Iago Pozo e Nuria Castro	1	4º ESO	22

## 5.8 Participación en ENERXÉTICA

Do 3 ao 5 de febreiro celebrouse a Feira ENERXÉTICA, na que a Escola participou cun *stand* propio. Atenderon o *stand*: Elena Alonso, Iago Pozo, Carmen Filgueira, Nuria Castro, Borja Barreiro, Iago Cuñado e Laura Iglesias.

Ademais a escola participou aportando conferenciantes para as actividades formativas das xornadas técnicas.

- Conferencia “*AVIENERGY: APROVECHAMIENTO ENERGÉTICO EN EL SECTOR AVÍCOLA*”, impartida por David Patiño Vilas.

- Conferencia “EVALUACIÓN DE LA CALIDAD DEL AMBIENTE INTERIOR DE EDIFICIOS MEDIANTE TÉCNICAS DE MACHINE LEARNING”, impartida por Pablo Eguía Oller.

## 5.9 Feira de Minerais

A Feira celebrouse os días 3 e 4 de marzo nas instalacións da Área Central en Santiago de Compostela e os centros que foron atendidos polo persoal da Escola foron:

- CEIP Piñeiros (Narón). 17 alumnos de primaria.
- IES Antonio Fraguas (Santiago), 110 alumnos.
- IES SAR (Santiago), 50 alumnos.
- IES Lamas de Ábade (Santiago), 30 alumnos.
- IES Cacheiras (Teo), 137 alumnos.
- IES Fontiñas (Santiago), 30 alumnos de bacharelato
- IES Antón Fraguas (Santiago), 90 alumnos.

As persoas que participaron nos obradoiros foron Iago Pozo, Carmen Filgueira e Nuria Castro.

## 5.10 Olimpíada Xeoloxía

O 16 de febreiro, a Escola de Enxeñaría de Mínas e Enerxía volveu a ser sede provincial da fase galega da Olimpíada de Xeoloxía na súa XIII edición. A Olimpíada de Xeoloxía é unha actividade educativa organizada pola “Sociedad Geológica Española” e a AEPECT (“Asociación Española para la Enseñanza de las Ciencias de la Tierra”). En particular a Escola de Enxeñaría de Mínas e Enerxía recibiu 70 estudantes de 4º de ESO, 1º e 2º de Bacharelato, procedentes de seis centros da provincia de Pontevedra. O estudantado foi recibido ao comezo da xornada pola directora da escola e ao longo do día o alumnado enfrontouse a un exame teórico e unha proba práctica.

En paralelo o centro organizou actividades formativas, que foron as seguintes:

- “O fantástico mundo da xeotecnia”. Manuel Alejandro González Fernández
- “Paleontoloxía 3D”. Artai Antón Santos López e Iván Rodríguez Barreiro
- “Intelixencia artificial aplicada á utilización sostible de recursos minerais”. Raquel Pérez Orozco e Jesús Rico Fuentes
- “Visión infravermella, unha nova forma de contemplar o mundo”. Iván Garrido González, Daniel Lamas Novoa e Pablo del Rio Barral
- Persoal de apoio: Carmen Filgueira, Alejandro Peña e Iago Pozo.

Agradécese a Iago Pozo a organización das actividades. Tamén participaron no desenvolvemento das mesmas, como persoal de apoio, Carmen Filgueira, Alejandro Peña e Elena Alonso. Agradécese ás persoas que participaron no desenvolvemento da actividade a súa colaboración.

## 5.11 Programa STEMBach

O 15 de marzo celebrouse na Escola a defensa de Traballos Finais do programa STEMBach da edición 2020-2022 do IES María Soliño. A defensa dos traballos realizouse en modalidade presencial. Presentáronse os seguintes traballos, dirixidos por David Patiño e Raquel Pérez-Orozco:

- “Sistema de monitorización de instalación eólica”
- “Sistema de monitorización de una instalación solar”
- “Sistema de monitorización del entorno”

No tribunal participou Pablo Eguía, en representación da Escola, e asistiu á defensa en representación do centro a directora.

En relación ao desenvolvemento do programa no resto de IES os traballos realizados foron:

- IES Valadares. Os estudantes visitaron o laboratorio da liña “Conservación do Patrimonio Cultural” do grupo GESSMin os días 28 e 31 de xaneiro e 11 de marzo. Estiveron co seu titor: Santiago Pozo.
- IES Aquis Celenis. Os estudantes visitaron o laboratorio da liña “Conservación do Patrimonio Cultural” do grupo GESSMin os días 2 e 26 de xaneiro, 3 e 11 de febreiro. Estiveron co seu titor: Santiago Pozo. Iago Pozo visitou o seu IES o 02/02/2022 e mantivo unha sesión online o 15/03/2022.
- Dous alumnos do IES República de Uruguai de Vigo e dúas alumnas do IES Aquis Celenis de Caldas de Reis estiveron na EME facendo o traballo experimental dos seus proxectos STEMBach sobre biocombustibles durante o mes de xaneiro acompañados polas súas profesoras e o seu titor Francisco Deive. O día 6 de abril visitarán a planta de produción de Bioetanol da empresa Vertex Bioenergy en Teixeiro (A Coruña).

## 6 Sistema Garantía Calidade

### 6.1 Renovación da certificación de implantación do Sistema de Calidade da Escola

O 3 febreiro recibíuse o diploma da re-certificación da implantación do SGC. Rematouse a redacción final do Plan de Melloras aprobado o 17/12/2021, incorporando como anexo as fichas definitivas das novas accións de mellora introducidas.

### 6.2 Titulacións G2030

Remitiuse o interese do centro no desenvolvemento do Máster en Xestión Sostible da Auga. Aprobouse na Comisión de Calidade e trasladouse á Dirección de Área de Posgrao.

### 6.3 Solicitud de Selo EUR-ACE para o MUEM

Na Comisión de Calidade e CAM acordouse solicitar a avaliación do Máster Universitario en Enxeñaría de Minas para o Selo EUR-ACE. Recibiuse informe favorable para presentar a solicitude por parte da Área de Calidade e habilitouse o procedemento:

- Prazo para subir documentación ata o 15 de maio
- Visita virtual na semana do 7 de novembro.

Convocarase ao profesorado e alumnado da titulación para explicar o procedemento de avaliación e o procedemento de participación na elaboración do Informe de Autoavaliación.

### 6.4 Enquisas Avaliación Docente

O 13 decembro púxose en marcha o proceso de Enquisas de Avaliación Docente (EAD) en modalidade en liña do 1º cuadrimestre do curso 2021-2022; o alumnado recibe un correo invitándolle a participar cun enlace directo á aplicación e o prazo rematou o 4 de febreiro de 2022.

O 14 de febreiro recibíuse un resumo dos resultados das Enquisas de Avaliación Docente (EAD) do curso 2020-2021 correspondentes ás titulacións do centro, pero sen información sobre as porcentaxes de participación.

## 6.5 PAT-ANEAE

Realizouse unha análise dos espazos MooVi existentes para Coordinación e para Información e Orientación ao Estudantado co obxecto de redefínilos, optimizalos e evitar confusións. Nunha primeira fase creáronse uns espazos de base e estase a traballar na súa configuración e funcionalidades. Este traballo está sendo levado a cabo por Guillermo García coa axuda de Marcelino Meana (Teledocencia - Servizos Informáticos).

## 6.6 Rexistros aprobados na Comisión de Calidade

Infórmase da aprobación na Comisión de Calidade dos seguintes rexistros:

- R1-DO0301 P1 Verificación /revisión da información
- R1-IA01 Necesidades de recursos e servizos.

## 6.7 Pendentes

Estase a traballar na elaboración do IRPD correspondente ao curso 2020-2021 e, unha vez aprobado o procedemento *DE01 Programación e desenvolvemento estratéxico*, empezárase a traballar no desenvolvemento do Programa de Desenvolvemento Estratéxico do Centro.

# 7 Procedementos administrativos e académicos

## 7.1 Eleccións Reitor/a e representantes no Claustro

Estanse a realizar as eleccións de representantes de alumnado en Consellos de Departamento. Só é necesario realizar as eleccións para o Departamento de Deseño na Enxeñaría. O 2 de marzo fíxose o sorteo da mesa electoral e a votación terá lugar o 9 de marzo na Sala de Xuntas da Escola. Toda a información das eleccións está publicada nos taboleiros do centro e enviarase un correo recordatorio ao alumnado do centro.

## 7.2 Coordinación graos

Celebrouse unha reunión informativa co alumnado de segundo de grao dos plans actuais o día 9 de marzo de 2022. Informouse que se realizará unha visita con eles á mina de Meirama o día 21 de abril de 2022 para ver a restauración da antiga mina e visitar un proxecto enerxético en marcha actualmente.

O día 7 de marzo de 2022 fíxose unha reunión informativa sobre o procedemento do TFG e a viaxe fin de grao. Asistiron María Araújo, Mayka Romo e Francisco Deive.

Francisco Deive está a organizar a viaxe fin de grao que se realizará entre o 25 e o 28 de abril e que terá como destino final Asturias.

## 7.3 Defensa TFG/TFM. Convocatoria Febreiro

O pasado 24 de febreiro tivo lugar o acto de exposición pública dos TFG da convocatoria de febreiro.

- Grao EE: 5 TFG
- Grao ERME: 1 TFG



## 8 Prevención de riscos e control sanitario

### 8.1 Control e seguimento de casos COVID19 no centro

En relación aos casos COVID no centro, desde a última Xunta de Escola (20 de decembro), fíxose o seguimento de 25 casos posibles ou confirmados. Agrádecese ao profesorado das materias que tiveron alumnado en corentena as facilidades que prestaron ao alumnado para seguir a docencia ou realizar probas de avaliación.

## 9 Infraestruturas e equipamento espazos docentes

A Escola fixo a solicitude de fondos para infraestruturas á Vicerreitoría Planificación e Sostibilidade:

- Solicitouse a mellora das infraestruturas no vestíbulo da Escola: cerramento do espazo baixo as escaleiras para poder utilizalo como almacén e apertura de ventilación na zona de vestiarios para evitar os malos olores.

No relativo as reparación realizáronse as seguintes:

- Problemas de malos olores na zona de despachos da Escola: despois de selar o sifón do baño de homes do piso superior empezaron a detectarse malos olores no de mulleres. O día 10 de marzo seláronse todos os botes sifónicos con silicona para tentar solucionar este problema definitivamente.

Equipamento espazos docentes:

- Renovouse a sala de videoconferencia da zona de despachos, eliminando os canons e equipo de comunicacións e incluíndo micrófono, vídeo, conexións e pantalla táctil.
- Renováronse as conexións e equipos de son das aulas M-211 e M-103 para evitar os problemas detectados no primeiro cuatrimestre.
- A Aula M-104 foi electrificada.

Agrádecese a Francisco Deive o traballo realizado.

## 10 Foro Tecnolóxico de Emprego: 3, 4 e 5 marzo

Celebrouse a XXII edición de Foro Tecnolóxico de Emprego, que recuperou a modalidade presencial.

<https://www.uvigo.gal/universidade/comunicacion/duvi/foro-tecnoloxico-emprego-incrementa-ata-case-medio-cento-participacion-empresas-asociacions>

<https://www.uvigo.gal/universidade/comunicacion/duvi/alumnado-empresas-ambito-enxenerias-reencontranse-22a-edicion-foro-tecnoloxico-emprego>

Agrádecese o traballo realizado polo alumnado dos tres centros para o desenvolvemento da actividade.

## 11 Actividade da comunidade do centro

### 11.1 Recoñecemento PDI do centro

A Directora informa do recoñecemento á actividade investigadora de profesorado do centro nas súas áreas de coñecemento, ao que traslada a súa felicitación:

- *Ranking DHI*
  - Ángeles Domínguez
  - Ana Rodríguez
- *Ranking Stanford University*
  - Eduardo Liz (Matemáticas Xerais)
  - Andrés Feijóo (Enerxía)
  - Ana Rodríguez (Enxeñaría Química)
  - José Fernández-Seara (Enxeñaría Mecánica)
  - Leandro R. Alejano (Enxeñaría Xeolóxica e Xeomática).